



## Ã Mudanzas en IrÃn?

### DescriciÃn



A pesar de non ter relaciÃns diplomÃticas con EEUU dende o triunfo da revoluciÃn islÃmica en 1979, a necesidade dunha xanela de diÃlogo con Washington semella un imperativo polÃtico, non sÃ a nivel exterior, para o prÃximo presidente iraniano. Neste aspecto, os candidatos presidenciais, o conservador Akbar Hashemi Rafsanjani (apoiado pola teocracia), Mohammad Bagher Qalibaf (apoiado polas forzas de seguridade) e o reformista e liberal MostafÃ Moin, amosan un consenso practicamente xeral. (Foto: Carteis electorais de Akbar Hashemi Rafsanjani nunha rÃªa de TeherÃn).

Hai dous factores que inflÃen poderosamente nos comicios presidenciais iranianos do 17 de xuÃo, independentemente de quen sexa o vencedor. En primeiro lugar, que IrÃn, a pesar do illamento mantido por EEUU e do reforzamento xeoestratÃxico do poderÃ militar anglo-estadounidense dende AfganistÃn ata Iraq, estÃ ocupando un plano relevante no escenario internacional, principalmente polo seu polÃmico programa nuclear. O segundo aspecto ten que ver cos cambios experimentados por unha sociedade nova e dinÃmica, que estÃ a madurar nas sÃas pretensiÃns por avanzar na democratizaciÃn dun rÃxime oficialmente teocrÃtico.

O ascendente plano internacional iraniano obrigarÃ a mudanzas importantes na configuraciÃn polÃtica de Oriente Medio. A pesar de non ter relaciÃns diplomÃticas con EEUU dende o triunfo da revoluciÃn islÃmica en 1979, a necesidade dunha xanela de diÃlogo con Washington semella un imperativo polÃtico, non sÃ a nivel exterior, para o prÃximo presidente iraniano. Neste aspecto, os candidatos presidenciais, o conservador Akbar Hashemi Rafsanjani (apoiado pola teocracia), Mohammad Bagher Qalibaf (apoiado polas forzas de seguridade) e o reformista e liberal MostafÃ Moin, amosan

un consenso practicamente xeral.

As negociaciÃ³ns de IrÃ¡n coa UniÃ³n Europea (Francia, AlemaÃ±a e Gran Bretaña) e a Axencia Internacional de EnerxÃ­a AtÃ³mica, polo seu programa nuclear, engadido Ã¡ sÃ³a estreita relaciÃ³n con Rusia, poderÃ¡n propiciar unha alternativa de diÃ¡logo que minore a intransigente posiciÃ³n estadounidense de querer levar o caso iraniano ao Consello de Seguridade da ONU, a fin de reforzar as sanciÃ³ns ou ben aplicar unha polÃ­tica de desestabilizaciÃ³n interna nese paÃ­s. A nivel diplomÃ¡tico, IrÃ¡n ten cartas importantes para saÃ­r airoso.

Outro escenario ten que ver coa sociedade civil e as demandas de democratizaciÃ³n. IrÃ¡n Ã© un paÃ­s de 68 millÃ³ns de habitantes onde mÃ¡is da metade ten menos de 25 anos, polo que sÃ© coÃ±eceu ao rÃ©xime islÃ¡mico. A idade legal para votar comeza aos 15 anos. A mocidade, especialmente os estudantes universitarios, Ã© o referente principal dos reformistas liderados polo actual presidente Mohammed Khatami.

A dinÃ¡mica entre conservadores e reformistas ven dominando a polÃ­tica iraniana dende o triunfo de Khatami en 1997, cunha ascendente proliferaciÃ³n de movementos civÃ­s que demandan maior apertura democrÃ¡tica e, incluso, o fin do rÃ©xime islÃ¡mico. Como constitucionalmente Khatami non pode presentarse nestas elecciÃ³ns, o seu legado se traslada agora Ã¡s posibilidades de Moin.

Sen embargo, a frustraciÃ³n xerada na mocidade polo aminoramento das reformas, debido Ã¡ perda do pulso polÃ­tico por parte de Khatami, principalmente tralas elecciÃ³ns legislativas de febreiro pasado, deixa un escenario mÃ¡is favorable ao reforzamento dos conservadores no cargo presidencial, neste momento liderados polo septuaxenario Rafsanjani, sucesor no seu momento do aiatolÃ¡ Ruhollah Khomeini. A pesar de non contar con gran popularidade, Rafsanjani Ã© un pragmÃ¡tico e consumado mestre da Ã©?Ã©?realpolitikÃ©?Ã©? que avoga pola mellora nas relaciÃ³ns co Occidente. Do mesmo xeito, a ameaza dunha gran abstenciÃ³n electoral reflicte unha posiciÃ³n polÃ­tica contestataria a tomar en conta.

Este escenario asegura o mantemento da tradicional estrutura do poder iraniano en torno Ã¡ primacÃ­a da teocracia islÃ¡mica, a Garda Revolucionaria e os sectores conservadores. Pero, a pesar das acusaciÃ³ns occidentais e da rixidez do sistema, a repÃºblica islÃ¡mica garante tamÃ©n o sistema democrÃ¡tico, reforzado agora polo ascenso de diversos movementos sociais. Se ben estas elecciÃ³ns non presentarÃ¡n mudanzas significativas, poden incluÃ­r a IrÃ¡n na fase de transiciÃ³n post-Khomeini. Pero moito depende tamÃ©n de cal sexa o tratamento diplomÃ¡tico por parte das potencias occidentais, especialmente EEUU.

*Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012*

## **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Oriente MÃ©dio ARQUIVO

## **IDIOMA**

Galego

## **Data de creaciÃ³n**

Junho 19, 2005

## **Metacampos**

**Autoria :** 3713

**Datapublicacion :** 2005-06-19 00:00:00